

Lingua de Namorar 2021, concurso de mensaxes de amor en liña convocado pola SXPL e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dirixido a persoas de 14 a 35 anos, que ten como obxectivo fomentar o uso do galego nas relacións persoais da xente nova. O prazo remata o 12 de marzo. Bases: [www.lingua.gal/lingua-de-namorar](http://www.lingua.gal/lingua-de-namorar).

III Premios Internacionais de Podcasts Xosé Mosquera Pérez, galardóns promovidos polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro e Arraianos Producións co apoio da SXPL que están destinados a alumnado de 10 a 18 anos. As solicitudes de participación deberán remitirse a [certamediofonico@iesrosaliadecastro.org](mailto:certamediofonico@iesrosaliadecastro.org) antes do 4 de marzo. Bases: [https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias//Premios/convocatoria\\_0121/iii-premios-empodcastsem-galego-xose-mosquera-perez-vello-dos-contos](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias//Premios/convocatoria_0121/iii-premios-empodcastsem-galego-xose-mosquera-perez-vello-dos-contos)

IV Certame de Microrrelatos, concurso organizado pola Real Academia Galega xunto coa Asociación PuntoGal coa finalidade de reforzar a presenza da lingua e da identidade galegas no mundo dixital. A data límite para presentar os traballos en calquera das tres categorías establecidas (infantil, xuvenil e adultos) é o 28 de febreiro. Bases: <https://relatos.gal/>